BOP DEPUTACIÓN DE LUGO
XOVES, 26 DE MAIO DE 2022 N.º 119
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# XUNTA DE GALICIA

## CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA

*Anuncio*

Expediente: DH.A27.82970

Fernando Pacín Viña, con NIF 3354*****, solicita de Augas de Galicia a concesión dun aproveitamento de augas públicas coas seguintes características:

**SOLICITANTE:** Fernando Pacín Viña

**VOLUME MÁXIMO ANUAL:** 6.997,05 m3/ano.

**CAUDAL INSTANTÁNEO:** 2,7 l/s

**DESTINO:** uso gandeiro

**ORIXE:** manancial na parcela de referencia 27040A087000470000UK

**LUGAR:** Leboreira

**PARROQUIA:** San Xorxe de Augasantas

**CONCELLOS:** Palas de Rei

O aproveitamento consiste na captación dun manancial na parcela nº 47 do polígono 87 mediante unha pequena escavación e execución de pozo con tubos prefabricados de 1 m de ancho, uns 3 m de fondo e tapa con placa de formigón, onde tamén se ubicaría un filtro co poro axeitado. Dende este pozo unha motobomba elevará o caudal ata un depósito de almacenamento de 3.000 litros na mesma parcela, previo paso por un contador, que conta con dous racores para conexionado de tubaxes. A auga distribuirase para o seu uso coma bebedoiro de animais en varias parcelas e nunha explotación gandeira por medio dunha cisterna.

O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días naturais** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Palas de Rei, ou nas oficinas deste servizo, situadas na rúa Tomiño número 16, baixo, en Santiago, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe, previa cita no enderezo electrónico dgc.augas@xunta.gal

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2022.- O xefe do Servizo Territorial, Jesús Antonio Manrique Merino.

R. 1294

---

# CONCELLOS

## BALEIRA

*Anuncio*

**CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE DOUS POSTOS DE TRABALLO.**

- Posto: Dous/as Auxiliar de Axuda no Fogar.
- Especialidade: Auxiliar de axuda no fogar, grupo de cotización 10.
- Modalidade contractual: Contrato laboral temporal a tempo completo.
- Duración prevista do contrato: Contrato eventual por circunstancias da produción, cunha duración de seis meses.
- Requisitos: Estar en posesión de carne de conducir B , e os esixidos con carácter xeral na lexislación vixente.

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

- Criterios de selección: Os establecidos nas Bases Xerais para o acceso a prazas de persoal laboral temporal do Concello de Baleira, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Nº 292, de 22 de decembro de 2010.
- Prazo de presentación de instancias: Cinco días hábiles dende o seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- Data e lugar da entrevista prevista nas Bases: O día 6 de xuño de 2022, as 9:30 horas, no Concello de Baleira. A entrevista realizarase mediante unha proba escrita na que se evaluarán contidos relacionados co posto de traballo a desempeñar.
- Tribunal cualificador:
- Presidente: Mª Germana López González, Auxiliar Administrativo do Concello de Baleira..
- Secretaria: Sandra Neira Gómez. Técnico de Xestión do Concello de Baleira.
- Vocais:
- Clementina Saa Méndez, Traballadora Social do Concello de Baleira.
- Alberto Alonso Fernández. Axudante de servizos múltiples do Concello de Baleira

O Tribunal constituirase o día 6 de xuño ás 9:00 horas.

Baleira, 19 de maio de 2022-.O Alcalde, Angel Enrique Martinez-Puga López.

1295

## BECERREÁ

*Anuncio*

En cumprimento do artigo segundo punto dous da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, segundo o cal *«As ofertas de emprego que articulen os procesos de estabilización contemplados no apartado 1, así como o novo proceso de estabilización, deberán aprobarse e publicarse nos respectivos diarios oficiais antes do 1 de xuño de 2022».*

Considerando o disposto no 70.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, faise público que, de acordo co artigo citado e co artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, mediante resolución de Alcaldía, con data do 19 de maio do 2022, aprobouse a Oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Becerreá para un proceso de estabilización, que comprende as prazas estruturais sinaladas neste anuncio, dotadas todas elas no orzamento da Corporación, as cales encóntranse actualmente cubertas nunha situación de temporalidade.

A oferta de emprego público do Concello conta coas seguintes prazas:

| Nº DE PRAZAS | DENOMINACIÓN | RÉXIME XURÍDICO | FORMA DE SELECCIÓN | XORNADA |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Encargado mantemento EDAR | LABORAL FIXO | CONCURSO | Completa |
| 1 | Condutor | LABORAL FIXO | CONCURSO | Completa |
| 1 | Condutor/operario de servizos múltiples | LABORAL FIXO | CONCURSO | Completa |
| 1 | Oficial | LABORAL FIXO | CONCURSO | Completa |
| 1 | Limpador | LABORAL FIXO | CONCURSO | Completa |
| 1 | Traballador Social | LABORAL FIXO | CONCURSO | Completa |
| 1 | Arquitecto | LABORAL FIXO | CONCURSO | Parcial |
| 1 | Auxiliar de axuda no fogar | LABORAL FIXO | CONCURSO | Completa |

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso- Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso-Administrativa.

Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Becerreá, 19 de maio de 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1296

## BURELA

*Anuncio*

**APROBACIÓN DEFINITIVA**

Aprobado definitivamente, ao non terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, o expediente de suplemento de crédito e crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría, o que se publica aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Esta modificación fínanciase con cargo ao Remanente de Tesouraría do exercicio anterior, nos seguintes termos:

**Suplemento en aplicacións de gastos**

| Aplicación | Descrición | Créditos iniciais | Modif. anteriores | Modif. que se propón | Créditos finais |
|---|---|---|---|---|---|
| 151/600 | Adquisición terreo dotacional | 0,00 | 700.000,00 | 700.000,00 | |
| | Solar confraría | | | 45.000,00 | 1.445.000,00 € |
| 153/619 | Ponte Feve | 0,00 | 450.710,74 | 20.000,00 | |
| | Preparación aparcadoiros | | | 15.000,00 | 485.710,74 € |
| 1532/619 | Rúa Leandro Cucurny | 0,00 | 512.589,26 | 200.000,00 | |
| | Reposición de beirarrúas e eliminación de barreiras | | | 45.000,00 | 757.589,26 € |
| 170/609 | Parque en Vilar | 0,00 | -- | 30.000,00 | |
| | Equipamentos Parques e Prazas | | | 35.000,00 | 65.000,00 € |

**Crédito extraordinario en aplicacións de gastos**

| Aplicación | Descrición | Créditos iniciais | Modif. anteriores | Modif. que se propón | Créditos finais |
|---|---|---|---|---|---|
| 160/639 | Saneamento Ril | 0,00 | -- | 175.000,00 | 175.000,00 € |
| 170/622 | Canceira | 0,00 | – | 175.000,00 | 175.000,00 € |
| 342/639 | Grada Campo da Marosa | 0,00 € | – | 320.000,00 | 320.000,00 € |

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

**Aplicacións de ingresos**

| Aplicación: económica | | | Descrición | Euros |
|---|---|---|---|---|
| **Cap.** | **Art.** | **Conc.** | | |
| 8 | 87 | 870.00 | Remanente de Tesouraría para gastos xerais | 1.760.000,00 |
| | | | **TOTAL INGRESOS** | 1.760.000,00 |

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

Contra o presente Acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora de devandita Xurisdición.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición de devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

Burela, 19 de maio de 2022.- O alcalde, Alfredo Llano García.

R. 1297

## BÓVEDA

*Anuncio*

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público na Secretaría deste Concello a Conta Xeral correspondente ao exercizo 2021, por un prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

Bóveda, 24 de maio do 2022.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 1346

## CARBALLEDO

*Anuncio*

Oferta de emprego público para o ano 2022.

Con data do 19 de maio de 2022 foi ditada Resolución de Alcaldía pola que se aproba a oferta de emprego público do Concello de Carballedo para 2022, integrada polas prazas que se detallan:

Prazas de consolidación de emprego:

| DENOMINACIÓN DA PRAZA | GRUPO | VACANTES | SISTEMA ACCESO |
|---|---|---|---|
| AUXILIAR ADMINISTRATIVO | IV | 2 | CONCURSO |
| OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES | V | 5 | CONCURSO |
| OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES | V | 4 | CONCURSO-OPOSICIÓN |
| OPERARIO DE LIMPEZA | V | 2 | CONCURSO |

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

| | | | |
|---|---|---|---|
| TRABALLADOR SOCIAL | II | 1 | CONCURSO |
| EDUCADOR FAMILIAR | III | 1 | CONCURSO |
| AXENTE DE DESENVOLVEMENTO LOCAL | II | 1 | CONCURSO |
| INFORMADOR XUVENIL | IV | 1 | CONCURSO |
| AUXILIAR SERVIZO AXUDA NO FOGAR | V | 10 | CONCURSO |
| AUXILIAR SERVIZO AXUDA NO FOGAR | V | 4 | CONCURSO-OPOSICIÓN |
| ORIENTACIÓN LABORAL | II | 1 | CONCURSO-OPOSICIÓN |
| AXENTE TIC | IV | 1. 1 | CONCURSO |
| AUXILIAR ADMINISTRATIVO XULGADO PAZ | IV | 1 | CONCURSO |
| PERSOAL DE APOIO AO PAI | IV | 1 | CONCURSO-OPOSICIÓN |

Contra a presente resolución pódese interpoñer alternativamente recurso de reposición ante o alcalde, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente ou, a elección do/da interesado/a, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses. Se se opta por interpor o recurso de reposición potestativo, non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente ao seu dereito.

Carballedo, 19 de maio de 2022.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1298

## FOLGOSO DO COUREL

*Anuncio*

En cumprimento do disposto no artigo 2.2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, as ofertas de emprego que articulen os procesos de estabilización contemplados no apartado 1, así como o novo proceso de estabilización, deberán aprobarse e publicarse nos respectivos diarios oficiais antes do 1 de xuño de 2022.

Considerando o disposto no 70.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, faise público que, de acordo co artigo citado e co artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Alcaldesa, de acordo co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ditou o Decreto nº 2022-0134 de data 19/05/2022 mediante o cal aprobouse a **OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL PARA OS PROCESE DE ESTABILIZACIÓN A DESENVOLVER ó abeiro da lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público**.

A oferta comprende as prazas estruturais sinaladas neste anuncio, dotadas todas elas no orzamento da Corporación, as cales encóntranse actualmente cubertas nunha situación de temporalidade irregular.

| Nº | DENOMINACIÓN | XORNADA | RÉXIME XURÍDICO | SISTEMA SELECTIVO A EMPREGAR |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Axente de emprego e desenvolvemento local | COMPLETA | FUNCIONARIO DE CARREIRA | CONCURSO (DA 6ª LMURT) |
| 1 | Traballador social | COMPLETA | FUNCIONARIO DE CARREIRA | CONCURSO (DA 6ª LMURT) |
| 6 | Auxiliar do servizo de axuda no fogar | COMPLETA | PERSOAL LABORAL FIXO | CONCURSO (DA 6ª LMURT) |
| 1 | Auxiliar do servizo de axuda no fogar | COMPLETA | PERSOAL LABORAL FIXO | CONCURSO-OPOSICIÓN (2.4 LMURT) |
| 6 | Peón Grupo Emerxencia Supramunicipal | COMPLETA | PERSOAL LABORAL FIXO | CONCURSO (DA 6ª LMURT) |

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes, de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Estes prazos comezarán a contar a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Si optásese por interpor o recurso de reposición potestativo, non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio.

Todo elo sen prexuízo da posibilidade de interpor calquer outro recurso que se puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Folgoso do Courel, 19 de maio de 2022.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 1299

## GUNTÍN

*Anuncio*

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DO CONCELLO DE GUNTÍN PARA 2022 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Dona María José Gómez Rodríguez, alcaldesa – presidenta do Concello de Guntín, no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, expón:

Logo de ver o artigo 2 e a Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Logo de ver que o contido da presente oferta de emprego extraordinaria foi sometido a negociación coa Mesa de Negociación cos sindicatos de data 6 de maio de 2022, sendo o resultado da mesma favorable por unanimidade, e asistindo: Concello de Guntín, UGT e CC.OO.

Logo de ver que polo Pleno de data 24 de maio de 2022 aprobouse o Plan de Estabilización de Emprego Temporal do Concello de Guntín do ano 2022, que se materializa na aprobación e publicación da Oferta de Emprego Público extraordinaria antes do 1 de xuño de 2022, e declarouse o carácter excepcional da futura convocatoria de estabilización de emprego do Concello de Guntín 2022.

Por Resolución da Alcaldía de data 24 de maio de 2022 aprobouse a Oferta de Emprego Público extraordinaria de 2022 correspondente co Plan de Estabilización de Emprego Temporal do Concello de Guntín do ano 2022, que resulta ser a seguinte:

| SUBGRUPO | CLASE/CATEGORÍA | POSTO | PRAZAS | TEMPO COMPLETO | NATUREZA | PROCEDEMENTO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Agrupación Profesional | Servicios Especiais | Auxiliar Axuda Domicilio | 3 | 3 | Persoal Laboral Fixo | CONCURSO |
| A2 | Técnico Medio | Técnico explotacións Agrícolas | 1 | 1 | Persoal Laboral Fixo | CONCURSO |
| Agrupación Profesional | Servicios Especiais | Peón Limpador Edificios Municipais | 1 | 1 | Persoal Laboral Fixo | CONCURSO |

O presente acto pon fin a vía administrativa e poderá ser recurrido potestativamente en reposición ante o Alcalde no prazo dun mes a contar dende a data da presente publicación, ou ben directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses a contar dende a data da presente publicación.

Guntín, 24 de maio de 2022.- A Alcaldesa, Mª José Gómez Rodríguez.

R. 1338

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

# MONDOÑEDO

*Anuncio*

**Polo que se aproba a oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal.**

Mediante a Resolución da Alcaldía deste Concello do 24 de maio de 2022 aprobouse a oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal coas seguintes prazas:

| DENOMINACION PRAZA | CATEGORIA/ SUBGRUPO | Nº PRAZAS | XORNADA | RÉXIME XURÍDICO | CONCURSO-OPOSICIÓN (Art 2 LEI 20/2021) | CONCURSO (DA 6ª e 8ª LEI 20/2021) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Técnico/a Administración Persoal e Emprego | Técnico (A2) | 1 | 100,00% | Funcionario | | Concurso |
| Responsable Unidade Servicios Sociais e Benestar (Traballador/a Social) | Técnico (A2) | 1 | 100,00% | Funcionario | | Concurso |
| Traballador/a Social | Técnico (A2) | 1 | 100,00% | Funcionario | | Concurso |
| Auxiliar Axuda no Fogar | Auxiliar SAF (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | | Concurso |
| Auxiliar Axuda no Fogar | Auxiliar SAF (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | | Concurso |
| Auxiliar Axuda no Fogar | Auxiliar SAF (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | | Concurso |
| Auxiliar Axuda no Fogar | Auxiliar SAF (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | | Concurso |
| Auxiliar Axuda no Fogar | Auxiliar SAF (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | | Concurso |
| Auxiliar Axuda no Fogar | Auxiliar SAF (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | | Concurso |
| Auxiliar Axuda no Fogar | Auxiliar SAF (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | | Concurso |
| Auxiliar Axuda no Fogar | Auxiliar SAF (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | Concurso-Oposición | |
| Auxiliar Axuda no Fogar | Auxiliar SAF (AP) | 1 | 75,00% | Laboral | | Concurso |
| Dinamizador/a Cultura e Turismo | Técnico Medio ou Técnico Auxiliar (C1) | 1 | 100,00% | Funcionario | | Concurso |
| Dinamizador/a Actividades Deportivas | Técnico (A2) | 1 | 100,00% | Funcionario | | Concurso |
| Auxiliar Bibilioteca e Actividades Literarias | Cometidos Especiais (C2) | 1 | 100,00% | Funcionario | | Concurso |
| Auxiliar Oficina Municipal de Información á Mocidade | Cometidos Especiais (C2) | 1 | 100,00% | Funcionario | | Concurso |
| Responsable Unidade Servizos Urbanísticos (Arquitecta) | Técnico Superior (A1) | 1 | 100,00% | Funcionario | | Concurso |
| Encargado/a oficina de apoio administrativo | Auxiliar Administrativo (C2) | 1 | 100,00% | Funcionario | | Concurso |
| Operario/a Servizos múltiples-Encargado/a Albergue | Operario-Persoal Oficios (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | | Concurso |
| Operario/a Servizos múltipes | Operario-Persoal Oficios (AP) | 3 | 100,00% | Laboral | | Concurso |
| Operario/a Servizos múltiples Conductor Obras | Operario-Persoal Oficios (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | | Concurso |
| Operario/a Servizos múltiples Conductor Obras | Operario-Persoal Oficios (AP) | 2 | 100,00% | Laboral | | Concurso |
| Oficial Servizos múltiples-condutores | Oficial-Persoal Oficios (C2) | 2 | 100,00% | Laboral | | Concurso |
| Oficial Servizos múltiples-condutores | Oficial-Persoal Oficios (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | | Concurso |
| Operario Servizos múltiples-condutor obra-Encargado Instalación Deportivas | Operario-Persoal Oficios (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | | Concurso |
| Operario Servizos múltiples-condutor obra-Encargado Cemiterio | Operario-Persoal Oficios (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | | Concurso |
| Auxiliar Axuda no Fogar | Auxiliar SAF (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | | Concurso |

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Auxiliar Axuda no Fogar | Auxiliar SAF (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | Concurso-Oposición | |
| Auxiliar Axuda no Fogar | Auxiliar SAF (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | Concurso-Oposición | |
| Auxiliar Axuda no Fogar | Auxiliar SAF (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | Concurso-Oposición | |
| Auxiliar Axuda no Fogar | Auxiliar SAF (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | | Concurso |
| Auxiliar Axuda no Fogar | Auxiliar SAF (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | Concurso-Oposición | |
| Auxiliar Axuda no Fogar | Auxiliar SAF (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | Concurso-Oposición | |
| Auxiliar Axuda no Fogar | Auxiliar SAF (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | Concurso-Oposición | |
| Auxiliar Axuda no Fogar | Auxiliar SAF (AP) | 1 | 100,00% | Laboral | Concurso-Oposición | |
| Arqueólogo | Técnico Superior (A1) | 1 | 80,00% | Funcionario | | Concurso |
| Profesor/a Superior Escola Municipal de Música (A1) | Profesor/a Superior (A1) | 1 | 75,00% | Laboral | | Concurso |
| Profesor/a Escola Municipal de Música (A2) | Profesor/a (A2) | 1 | 37,50% | Laboral | | Concurso |
| Profesor/a Superior Escola Municipal de Música (A1) | Profesor/a Superior (A1) | 1 | 17,50% | Laboral | | Concurso |
| Socorrista Instalacións Acuáticas | Socorrista (C2) | 1 | 100,00% | Laboral Fixo Discontinuo Máximo: 3 meses/ano | | Concurso |
| Directora Psicóloga Centro Información ás Mulleres | Técnico Superior (A1) | 1 | 100,00% | Laboral | | Concurso |
| Asesora Xurídica Centro Información ás Mulleres | Técnico Superior (A1) | 1 | 25,00% | Laboral | | Concurso |

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e do artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, publícase a oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal do Concello de Mondoñedo.

Contra a presente resolución pódese interpoñer alternativamente recurso de reposición ante o alcalde, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do contencioso-administrativo competente ou, a elección do/da interesado/a, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses. Se se opta por interpor o recurso de reposición potestativo, non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que se resolva aquel.

Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se considere máis conveniente en dereito.

Mondoñedo, 24 de maio de 2022.- O ALCALDE, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1335

## PALAS DE REI

*Anuncio*

***SUMARIO***

*Resolución de Alcaldía núm. 2022-0231 do Concello de Palas de Rei pola que se aproban o proxecto de mellora vial.*

***TEXTO***

Logo de aprobar o proxecto "Formigonado en O Outeiro-Vilareda" no vial 27040A135090640000HZ sito na localidade de Outeiro en Vilareda, publícase o mesmo para o seu xeral coñecemento.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante Alcaldía deste Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vde. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

Palas de Rei, 11 de maio de 2022.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 1300

## O PÁRAMO

*Anuncio*

Mediante Resolución de Alcaldía deste Concello de data 19 de maio de 2022 aprobouse a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal, que cumpre as previsións da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, correspondente a as prazas que a continuación se apuntan:

| PERSOAL LABORAL: | | | |
|---|---|---|---|
| **DENOMINACIÓN** | **N.º VACANTES** | **PROVISIÓN** | **DURACIÓN XORNADA** |
| AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMNTO LOCAL | 1 | Concurso | Completa |
| AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR | 6 | Concurso | Completa |
| AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR | 2 | Concurso-Oposición | Completa |
| LIMPIADOR/A | 1 | Concurso | Completa |

O que se fai público en cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

O Páramo, 19 de maio de 2022.- O alcalde, José luis López López.

R. 1301

*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de data 19 de maio de 2022 aprobouse a Oferta de emprego público ordinaria correspondente ao exercicio 2022 e ordenou a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

| PERSOAL LABORAL FIXO | | |
|---|---|---|
| **DENOMINACIÓN DE LA PLAZA** | **N.º VACANTES** | **SISTEMA DE ACCESO** |
| TRABALLADOR/A SOCIAL | 1 | OPOSICIÓN |

O que se fai público en cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e do artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

O Páramo, 19 de maio de 2022.- O alcalde, José luis López López.

R. 1302

## A POBRA DO BROLLÓN

*Anuncio*

Acordado polo Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de abril de dous mil vinte e dous a aprobación da ordenanza fiscal que se relaciona.

- 2.18ª. Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.

De acordo co disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente á información pública polo por prazo de

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

30 días hábiles a efectos de exame e reclamacións, considerándose definitivamente aprobada se non se presenta ningunha nese prazo.

A Pobra do Brollón, 19 de maio de 2022.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 1303

## RIBAS DE SIL

*Anuncio*

Mediante Resolución da Alcaldía deste Concello aprobouse a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal, que cumpre as previsións do artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, correspondente as prazas que a continuación se indican:

PERSOAL LABORAL:

| Denominación | Categoría | Antes 01.01.2016 | Antes 30.12.2020 |
|---|---|---|---|
| Arquitecto/a Asesor/a Municipal | Arquitecta | | 1 PRAZA (XP 50 %)<br>Estabilización<br>**Concurso-Oposición** |
| Técnico/a Local de emprego | Técnica | 1 PRAZA (XC)<br>Estabilización/**Concurso** | |
| Traballador/a Social | Técnica | 1 PLAZA (XC)<br>Estabilización/**Concurso** | |
| Auxiliar Axuda a domicilio SAF | Auxiliar | 4 PRAZAS (XC)<br>Estabilización/**Concurso** | 3 PRAZAS (XC)<br>Estabilización<br>**Concurso–Oposición** |
| Limpador/a | Operario/a | 1 PRAZA (XP 75%)<br>Estabilización/**Concurso** | |
| Oficial de Primeira Condutor | Oficial-Condutor | 1 PRAZA (XC)<br>Estabilización/**Concurso** | |
| Oficial de Primeira Construción | Oficial-Construción | 1 PRAZA (XC)<br>Estabilización/**Concurso** | |

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 70.2 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, publicase a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal do Concello de Ribas de Sil no Boletín Oficial da Comunidade Autónoma/Boletín Oficial da Provincia.

Contra la presente Resolución, que pon fin a vía administrativa, pode interpoñerse alternativamente o recurso de reposición potestativo ante o Alcalde, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, a súa elección, o que corresponda a seu domicilio, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira seu desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidera estimar más convinte a seu dereito.

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

Ribas de Sil, 19 de maio de 2022.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 1304

## SARRIA

*Anuncio*

O día 18/05/2022, o Alcalde de Sarria, mediante Decreto 2022-0466, aprobou as **BASES PARA A SELECCIÓN DE 8 OPERARIOS DE SERVIZOS VARIOS, EN RÉXIME DE FUNCIONARIO INTERINO, DURANTE 6 MESES CON CARGO AO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN AOS CONCELLOS 2022 E CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO.** Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días naturais a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**BASES PARA A SELECCIÓN DE 8 OPERARIOS DE SERVIZOS VARIOS, EN RÉXIME DE FUNCIONARIO INTERINO, DURANTE 6 MESES CON CARGO AO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN AOS CONCELLOS 2022 E CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO**

**LEXISLACIÓN APLICABLE.**

- Rd Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba o Texto Refundido de las disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado.
- Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, por el que se aproba o Texto Refundido de la Lei del Estatuto dos Traballadores.
- Acordo marco municipal para o persoal do Concello de Sarria de 1991.

**1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxeto da presente convocatoria é a selección de 8 operarios de servizos varios, en réxime de funcionario interino, por exceso ou acumulación de tarefas por un prazo de 6 meses (artigo 10.1.d TRLEBEP) e creación dunha bolsa de emprego, ao amparo do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 (BOP nº 6 de 10 de xaneiro de 2022), dentro do programa B.3-Programa de Programa de Fomento do Emprego, destinado á contratación ou nomeamento de persoal para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social, polo que os aspirantes deberán ser desempregados.

A presente convocatoria e bases será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web da Deputación de Lugo e na sede electrónica do Concello de Sarria https://sarria.sedelectronica.es

**Os sucesivos anuncios relativos ás probas que convoquen faranse públicos na sede electrónica municipal. https://sarria.sedelectronica.es**

**2.- RÉXIME DE INCOMPATIBLIDADES**

Os postos estarán sometidos ao réxime de incompatibilidades segundo o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das Administracións Públicas, no Estatuto Básico do Empregado Público e demais disposicións de aplicación.

**3.- FUNCIÓNS DOS POSTOS DE TRABALLO:**

En xeral, realizarán funcións de operarios nos servizos de Medio Ambiente, Obras e Medio Rural do Concello de Sarria.

De forma máis detallada, algunhas das funcións a desenvolver son as que se relacionan a continuación:

- Medio Ambiente: tarefas de xardinería e mantemento de parques e xardíns.
- Limpeza de viarias e edificios públicos de titularidade municipal. Tarefas de saneamento e abastecemento.

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

- Albanelería e pintura.
- Obras públicas.
- Tarefas de mantemento en xeral.
- Aquelas que sexan requiridas en cada momento e sexan de habitual realización por parte do persoal municipal.

## 4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificados:

1.- Ser español/a ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

2. Ser **desempregado/a ou estar en situación de mellora de emprego** (requisito específico esixido polo programa de fomento do emprego da Deputación de Lugo que financia as contratacións). Esta situación deberá acreditarse mediante declaración xurada do aspirante e aportando vida laboral actualizada á data de presentación de solicitudes. Dita situación de desempregado/a deberá manterse ata o momento da sinatura do contrato laboral ou nomeamento interino

3.-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadada a idade de xubilación.

4.- Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.

5.- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

6.-Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

7.- Estar en posesión da titulación de certificado de estudos primarios

Todos os requisitos enumerados anteriormente deberán posuírse o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, debendo manterse na data na que se proceda á contratación.

## 5. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As solicitudes para participar no procedemento de selección formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases e dirixiranse ó Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello ou polas outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **durante o prazo de cinco días naturais**, contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria Boletín Oficial da Provincia.

A presentación de instancias por parte dos aspirantes supón a aceptación íntegra destas Bases e do seu contido.

As instancias deberán axustarse ao modelo oficial que figura no **Anexo II** das presentes Bases e ir acompañadas de copia da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade.
- Declaración responsable de que cumpre todos os requisitos necesarios para se presentar ao proceso selectivo.

Os/as aspirantes con minusvalías deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios para garantir a igualdade de oportunidades co resto de aspirantes.

- Fotocopia acreditativa da titulación académica esixida na convocatoria, neste caso, estudos primarios.
- Documentación acreditativa de atoparse na situación de desemprego ou de mellora de emprego
- Fotocopia do título de Celga 2 ou titulación equivalente.

## 6.-ADMISIÓN E EXCLUSIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará unha resolución no prazo de **10 días naturais,** que se publicará na sede electrónica https://sarria.sedelectronica.es, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo **de 2 días naturais**, a contar dende o seguinte ao da publicación da dita resolución, para presentaren as reclamacións oportunas ou emendaren os defectos existentes, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a listaxe de persoas admitidas.

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a Alcaldía declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará na sede electrónica https://sarria.sedelectronica.es_, na citada resolución fixarase a composición do Tribunal.

De non presentarse reclamacións, a lista provisional entenderase elevada automaticamente a definitiva.

**7.-TRIBUNAL CUALIFICADOR**

O Tribunal cualificador será designado pola Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, en base ao establecido pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. O Tribunal terá a composición seguinte:

- Presidencia (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Vogalías (Titulares e suplentes): Tres persoas funcionarias de carreira ou laborais fixos pertencentes a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Secretaría (Titular e suplente): Secretario do Concello ou quen legalmente a substitúa.

A composición do tribunal, que se dará a coñecer xunto coa relación definitiva de persoas admitidas, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e tenderá a paridade entre homes e mulleres.

O Tribunal non poderán constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso as persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o Tribunal, quen asuma a Secretaría redactará a correspondente acta.

Os membros do Tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade que convoca cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

**8.-PROCESO SELECTIVO**

A selección efectuarase mediante o sistema de oposición, debendo respectar en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia.

**Puntuación máxima:**

Na fase de oposición valoraranse ata un máximo de 80 puntos.

**Celebración dos exercicios:**

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, serán anunciados na sede electrónica do Concello de Sarria https://sarria.sedelectronica.es

**Criterios de valoración na fase de oposición:**

A fase de oposición consistirá na realización de dous exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo os contidos e cualificacións os que de seguido se describen:

Primeiro exercicio. Práctico.

Consistirá na realización dunha proba relacionada coas tarefas a desempeñar no posto de traballo, segundo o temario estabrecido no Anexo I, e que será determinada polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio indicándose así mesmo a duración máxima que non excederá de 20 minutos, tendente a valorar as habilidades e coñecementos necesarios dos aspirantes para o desempeño das labores de operario de servizos.

Este exercicio cualificarase polo tribunal de 0 a 80 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 40 para superala.

Ao ter carácter eliminatorio, a non superación desta proba suporá a eliminación do concursante no proceso selectivo.

Segundo exercicio. Idioma galego.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:"...para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluirase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

Polo tanto, o exercicio consistirá en realizar unha proba escrita sobre o coñecemento da lingua galega. As persoas aspirantes deberán traducir un texto, facilitado polo Tribunal, de castelán para o galego ou de galego para o castelán. Esta proba terá unha duración de 30 minutos e cualificarase de “apto/a” ou “non apto/a”, quedando eliminadas as persoas aspirantes que non acaden a cualificación de apto ou apta.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que teñan acreditado o coñecemento da lingua galega, mediante a presentación do correspondente certificado de aptitude do curso de perfeccionamento da lingua galega ou Celga 2, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

**Publicación dos resultados dos exercicios da fase oposición:**

As puntuacións obtidas polos aspirantes nos exercicios da fase de oposición publicaranse na sede electrónica do Concello de Sarria https://sarria.sedelectronica.es

Concederase un prazo de **3 días naturais para os efectos de alegacións** polos aspirantes, que se contará desde a data de publicación dos resultados dos exercicios da fase oposición no Taboleiro de edictos dixitais do Concello.

Rematado o prazo de alegacións, e resoltas estas, o Tribunal publicará os resultados definitivos dos exercicios da fase de oposición na sede electrónica do Concello de Sarria https://sarria.sedelectronica.es e elevará á Alcaldía a proposta de contratación das persoas seleccionadas.

**Cualificación final:**

A cualificación final virá determinada pola cualificación obtida na proba práctica.

En caso de empate entre as persoas aspirantes tomarase como criterio de desempate un sorteo por parte do Tribunal dos aspirantes que acadaron o empate.

**9.- CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO**

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o Concello precisa dalgún/ha profesional destas características (operario de servizos varios) para cubrir o posto no caso de que este quede vacante como consecuencia de producirse algunha das seguintes circunstancias:

- Baixa por IT, do/a titular (contrato de interinidade)
- Baixa por maternidade da titular máis o permiso por lactación cando se acumule en xornadas completas (contrato de interinidade).
- Vacacións, permisos ou descansos do/a titular (contrato de interinidade).
- Vacante definitiva da praza por renuncia voluntaria do/a traballador/a ou por non superación do período de proba (contrato de servizo determinado).
- Necesidade por motivos de acumulación de tarefas.

No caso de que algunha das circunstancias expostas anteriormente efectivamente suceda, entón acudirase a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto, o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Enfermidade acreditada por baixa médica por ILT ou informe médico.

b) Embarazo de risco.

c) Atoparse en período de permiso de maternidade ou paternidade.

d) Atoparse desempeñando outro posto de traballo.

e) Coidado dun familiar que se encontre a cargo dun integrante da lista, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poda valerse por sí mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

Ditas circunstancias deberán acreditarse nun prazo de **3 días naturais.**

A orde dos aspirantes na bolsa será determinado pola cualificación final obtida no proceso selectivo en orde descendente, non entrando a formar parte da bolsa os que non acadasen unha puntuación superior á metade da cualificación máxima posible.

Así mesmo, pasarase a chamar ó/á seguinte da lista, no suposto de que a persoa seleccionada para o posto non xustifique a documentación requirida no punto 10 das presentes bases, quedando excluído/a definitivamente da bolsa.

**A duración desta bolsa será a da duración do nomeamento do concursante seleccionado.**

**10.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA**

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

Os/as aspirantes propostos/as presentará no rexistro do Concello, no **prazo de tres días hábiles** contados dende a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:

- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

- Declaración xurada de non atoparse en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado de conta bancaria.

Se o Concello considera que o certificado médico aportado non é o suficientemente claro para determinar se a persoa pode desempeña-lo posto de traballo obxecto da convocatoria, entón o/a aspirante proposto/a deberá pasar unha revisión médica na mutua que estableza o concello, correndo por conta deste último os gastos derivados da revisión.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, os/as aspirantes propostos/as non presentasen a documentación requirida, se o certificado médico, este fose desfavorable ou o informe da mutua (en caso de ter que pasar a revisión) tamén fose desfavorable, entón o/a aspirante non será nomeado para a praza, quedando anuladas tódalas súas actuacións. Neste suposto procederase a chamar á persoa seguinte da lista (segundo a orde de puntuación resultante do proceso selectivo), tendo tamén que acreditar, segundo o procedemento descrito, a circunstancia contemplada no presente artigo.

**11.- <u>IMPUGNACIÓN</u>**

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; no RD Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como no resto de normas vixentes de aplicación.

A resolución da Alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Asemade, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, consonte ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que estime procedente. No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo.

**ANEXO I – TEMARIO**

Tema 1.- O Concello de Sarria. Parroquias, aldeas e vías de comunicación.

Tema 2.- Prevención de Riscos Laborais. Medidas de protección. Equipos de protección individual. Primeiros auxilios

Tema 3.- Limpeza e mantemento de xardíns, zonas urbanas, mobiliario urbano e vías públicas.

Tema 4.- Materiais e ferramentas de albalenería e xardinería.

Tema 5.- Vixianza, limpeza e mantemento de instalacións municipiais, instalacións deportivas e piscinas de titularidade municipal

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

**ANEXO II (INSTANCIA)**

| | | | |
|---|---|---|---|
| **PROCEDEMENTO SELECTIVO. OPERARIOS PLAN ÚNICO 2022** | | | |
| **DATOS DO SOLICITANTE:** | | | |
| NOME: | PRIMEIRO APELIDO: | SEGUNDO APELIDO: | N.I.F.: |
| NACIONALIDADE: | | DATA DE NACEMENTO: | |
| **NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito): | | | |
| NOME: | PRIMEIRO APELIDO: | SEGUNDO APELIDO: | N.I.F.: |
| **ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:** | | | |

| | | |
|---|---|---|
| Notifíquese a: | ) Persoa solicitante | ) Persoa representante |
| □ Medios Electrónicos: | Correo Electrónico: | |
| □ Outros Medios: | Nome da Vía: | |
| | Número, Bloque, Andar, Porta: | |
| | Parroquia / Lugar: | |
| | Localidade / Provincia: | |
| | Código Postal / País: | |
| Teléfono/s de contacto: | | |

| | |
|---|---|
| **TITULACIÓN QUE ALEGA E XUSTIFICA:** | |
| TITULACIÓN: | DATA DA TITULACIÓN: |
| ALEGA E XUSTIFICA ESTAR EXENTO/A DA REALIZACIÓN DO EXERCICIO SOBRE O COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA:<br>) Si | ) Non |

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

2. Que reúne as condicións exixidas para o ingreso á función pública e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude se fóra necesario.

**PROTECCIÓN DE DATOS:** Esta entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas. Responsable: Concello de Sarria

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE:**

**LUGAR E DATA:**

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SARRIA

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

Sarria, 19 de maio de 2022.- O alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez..

R. 1305

*Anuncio*

O día 18/05/2022, o Alcalde de Sarria, mediante Decreto 2022-0467, aprobou as **BASES PARA A SELECCIÓN DE 3 TRACTORISTAS, EN RÉXIME DE FUNCIONARIO INTERINO, DURANTE 6 MESES CON CARGO AO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN AOS CONCELLOS 2022 E CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO** Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días naturais a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**BASES PARA A SELECCIÓN DE 3 TRACTORISTAS, EN RÉXIME DE FUNCIONARIO INTERINO, DURANTE 6 MESES CON CARGO AO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN AOS CONCELLOS 2022 E CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO**

**LEXISLACIÓN APLICABLE.**

- Rd Lei 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aproba o Texto Refundido de las disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de carácter supletorio).

- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado.

- Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, por el que se aproba o Texto Refundido de la Lei del Estatuto dos Traballadores.

- Acordo marco municipal para o persoal do Concello de Sarria de 1991.

**1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxeto da presente convocatoria é a selección de 3 tractoristas, en réxime de funcionario interino, por exceso ou acumulación de tarefas por un prazo de 6 meses (artigo 10.1.d TRLEBEP) e creación dunha bolsa de emprego, ao amparo do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 (BOP nº 6 de 10 de xaneiro de 2022), dentro do programa B.3-Programa de Programa de Fomento do Emprego, destinado á contratación ou nomeamento de persoal para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social, polo que os aspirantes deberán ser desempregados.

A presente convocatoria e bases será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web da Deputación de Lugo e na sede electrónica do Concello de Sarria https://sarria.sedelectronica.es

**Os sucesivos anuncios relativos ás probas que convoquen faranse públicos na sede electrónica municipal. https://sarria.sedelectronica.es**

**2.- RÉXIME DE INCOMPATIBLIDADES**

Os postos estarán sometidos ao réxime de incompatibilidades segundo o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das Administracións Públicas, no Estatuto Básico do Empregado Público e demais disposicións de aplicación.

**3.- FUNCIÓNS DOS POSTOS DE TRABALLO:**

En xeral, realizarán funcións relacionadas co manexo de tractor agricola e os seu apeiros no departamento de medio rural.

De forma máis detallada, algunhas das funcións a desenvolver son as que se relacionan a continuación:

- Traballos de desbroce de camiños e pistas rurais.
- Colaboración cos departamentos de obras e medio ambiente en traballos no que sea necesario a utilización de tractor.
- Colaboración noutro tipo de tarefas cando non sexa necesaria a utilización de tractor.

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

- Mantemento e cuidado do tractor e os seus apeiros.

**4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificados:

1.- Ser español/a ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

2. Ser **desempregado/a ou estar en situación de mellora de emprego** (requisito específico esixido polo programa de fomento do emprego da Deputación de Lugo que financia as contratacións). Esta situación deberá acreditarse mediante declaración xurada do aspirante e aportando vida laboral actualizada á data de presentación de solicitudes. Dita situación de desempregado/a deberá manterse ata o momento da sinatura do contrato laboral ou nomeamento interino

3.-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadada a idade de xubilación.

4.- Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.

5.- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

6.-Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

7.- Estar en posesión da titulación de certificado de estudos primarios

8.- Estar en posesión do permiso de conducir en vigor clase B.

Todos os requisitos enumerados anteriormente deberán posuírse o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, debendo manterse na data na que se proceda á contratación.

**5. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS**

As solicitudes para participar no procedemento de selección formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases e dirixiranse ó Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello ou polas outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **durante o prazo de cinco días naturais**, contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria Boletín Oficial da Provincia.

A presentación de instancias por parte dos aspirantes supón a aceptación íntegra destas Bases e do seu contido.

As instancias deberán axustarse ao modelo oficial que figura no **Anexo I** das presentes Bases e ir acompañadas de copia da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade.
- Declaración responsable de que cumpre todos os requisitos necesarios para se presentar ao proceso selectivo.

Os/as aspirantes con minusvalías deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios para garantir a igualdade de oportunidades co resto de aspirantes.

- Fotocopia acreditativa da titulación académica esixida na convocatoria, neste caso, estudos primarios.
- Documentación acreditativa de atoparse na situación de desemprego ou de mellora de empreto
- Fotocopia do título de Celga 2 ou titulación equivalente.
- Fotocopia compulsada do permiso de conducir Tipo B en vigor.

**6.-ADMISIÓN E EXCLUSIÓN DE ASPIRANTES**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará unha resolución no prazo de **10 días naturais,** que se publicará na sede electrónica https://sarria.sedelectronica.es, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo **de 2 días naturais**, a contar dende o seguinte ao da publicación da dita resolución, para presentaren as reclamacións oportunas ou emendaren os defectos existentes, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a listaxe de persoas admitidas.

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a Alcaldía declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará na sede electrónica https://sarria.sedelectronica.es, na citada resolución fixarase a composición do Tribunal.

De non presentarse reclamacións, a lista provisional entenderase elevada automaticamente a definitiva.

**7.-TRIBUNAL CUALIFICADOR**

O Tribunal cualificador será designado pola Alcaldía, en virtude do establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, en base ao establecido pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. O Tribunal terá a composición seguinte:

- Presidencia (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Vogalías (Titulares e suplentes): Tres persoas funcionarias de carreira ou laborais fixos pertencentes a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Secretaría (Titular e suplente): Secretario do Concello ou quen legalmente a substitúa.

A composición do tribunal, que se dará a coñecer xunto coa relación definitiva de persoas admitidas, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e tenderá a paridade entre homes e mulleres.

O Tribunal non poderán constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso as persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o Tribunal, quen asuma a Secretaría redactará a correspondente acta.

Os membros do Tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade que convoca cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

**8.-PROCESO SELECTIVO**

A selección efectuarase mediante o sistema de oposición, debendo respectar en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia.

**Puntuación máxima:**

Na fase de oposición valoraranse ata un máximo de 80 puntos.

**Celebración dos exercicios:**

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, serán anunciados na sede electrónica do Concello de Sarria https://sarria.sedelectronica.es

**Criterios de valoración na fase de oposición:**

A fase de oposición consistirá na realización de dous exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo os contidos e cualificacións os que de seguido se describen:

Primeiro exercicio. Práctico.

Consistirá na realización dunha proba relacionada coas tarefas a desempeñar no posto de traballo, segundo o temario establecido no Anexo I, e que será determinada polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, indicándose así mesmo a duración máxima que non excederá de 20 minutos, tendente a valorar as habilidades e coñecementos necesarios dos aspirantes para o desempeño das labores de peón tractorista.

Este exercicio cualificarase polo tribunal de 0 a 80 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 40 para superala.

Ao ter carácter eliminatorio, a non superación desta proba suporá a eliminación do concursante no proceso selectivo.

Segundo exercicio. Idioma galego.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:"...para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluirase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

Polo tanto, o exercicio consistirá en realizar unha proba escrita sobre o coñecemento da lingua galega. As persoas aspirantes deberán traducir un texto, facilitado polo Tribunal, de castelán para o galego ou de galego para o castelán. Esta proba terá unha duración de 30 minutos e cualificarase de "apto/a" ou "non apto/a", quedando eliminadas as persoas aspirantes que non acaden a cualificación de apto ou apta.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que teñan acreditado o coñecemento da lingua galega, mediante a presentación do correspondente certificado de aptitude do curso de perfeccionamento da lingua galega ou Celga 2, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

**Publicación dos resultados dos exercicios da fase oposición:**

As puntuacións obtidas polos aspirantes nos exercicios da fase de oposición publicaranse na sede electrónica do Concello de Sarria https://sarria.sedelectronica.es

Concederase un prazo de **3 días naturais para os efectos de alegacións** polos aspirantes, que se contará desde a data de publicación dos resultados dos exercicios da fase oposición no Taboleiro de edictos dixitais do Concello.

Rematado o prazo de alegacións, e resoltas estas, o Tribunal publicará os resultados definitivos dos exercicios da fase de oposición na sede electrónica do Concello de Sarria https://sarria.sedelectronica.es e elevará á Alcaldía a proposta de contratación das persoas seleccionadas.

**Cualificación final:**

A cualificación final virá determinada pola cualificación obtida na proba práctica.

En caso de empate entre as persoas aspirantes tomarase como criterio de desempate un sorteo por parte do Tribunal dos aspirantes que acadaron o empate.

**9.- CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO**

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o Concello precisa dalgún/ha profesional destas características (tractorista) para cubrir o posto no caso de que este quede vacante como consecuencia de producirse algunha das seguintes circunstancias:

- Baixa por IT, do/a titular (contrato de interinidade)
- Baixa por maternidade da titular máis o permiso por lactación cando se acumule en xornadas completas (contrato de interinidade).
- Vacacións, permisos ou descansos do/a titular (contrato de interinidade).
- Vacante definitiva da praza por renuncia voluntaria do/a traballador/a ou por non superación do período de proba (contrato de servizo determinado).
- Necesidade por motivos de acumulación de tarefas.

No caso de que algunha das circunstancias expostas anteriormente efectivamente suceda, entón acudirase a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto, o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Enfermidade acreditada por baixa médica por ILT ou informe médico.

b) Embarazo de risco.

c) Atoparse en período de permiso de maternidade ou paternidade.

d) Atoparse desempeñando outro posto de traballo.

e) Coidado dun familiar que se encontre a cargo dun integrante da lista, ata o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poda valerse por sí mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

Ditas circunstancias deberán acreditarse nun prazo de **3 días naturais.**

A orde dos aspirantes na bolsa será determinado pola cualificación final obtida no proceso selectivo en orde descendente, non entrando a formar parte da bolsa os que non acadasen unha puntuación superior á metade da cualificación máxima posible.

Así mesmo, pasarase a chamar ó/á seguinte da lista, no suposto de que a persoa seleccionada para o posto non xustifique a documentación requirida no punto 10 das presentes bases, quedando excluído/a definitivamente da bolsa.

A duración desta bolsa será a da duración do nomeamento dos concursante seleccionados.

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

**10.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA**

Os/as aspirantes propostos/as presentará no rexistro do Concello, no **prazo de tres días hábiles** contados dende a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:

- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

- Declaración xurada de non atoparse en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.

- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado de conta bancaria.

Se o Concello considera que o certificado médico aportado non é o suficientemente claro para determinar se a persoa pode desempeña-lo posto de traballo obxecto da convocatoria, entón o/a aspirante proposto/a deberá pasar unha revisión médica na mutua que estableza o concello, correndo por conta deste último os gastos derivados da revisión.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, os/as aspirantes propostos/as non presentasen a documentación requirida, se o certificado médico, este fose desfavorable ou o informe da mutua (en caso de ter que pasar a revisión) tamén fose desfavorable, entón o/a aspirante non será nomeado para a praza, quedando anuladas tódalas súas actuacións. Neste suposto procederase a chamar á persoa seguinte da lista (segundo a orde de puntuación resultante do proceso selectivo), tendo tamén que acreditar, segundo o procedemento descrito, a circunstancia contemplada no presente artigo.

**11.- IMPUGNACIÓN**

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; no RD Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como no resto de normas vixentes de aplicación.

A resolución da Alcaldía que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Asemade, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, consonte ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que estime procedente. No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo.

**ANEXO I – TEMARIO**

Tema 1.- O Concello de Sarria. Parroquias, aldeas e vías de comunicación.

Tema 2.- Prevención de Riscos Laborais. Medidas de protección. Equipos de protección individual. Primeiros auxilios

Tema 3.- Equipos e máquinas de limpeza e desbroce de camiños

Tema 4.- Condución e manexo de tractores.

Tema 5.- Mecánica básica para coidado e mantemento de tractores.

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

**ANEXO II (INSTANCIA)**

| **PROCEDEMENTO SELECTIVO. TRACTORISTAS PLAN ÚNICO 2022** | | | |
|---|---|---|---|
| **DATOS DO SOLICITANTE:** | | | |
| NOME: | PRIMEIRO APELIDO: | SEGUNDO APELIDO: | N.I.F.: |
| NACIONALIDADE: | | DATA DE NACEMENTO: | |
| **NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito): | | | |
| NOME: | PRIMEIRO APELIDO: | SEGUNDO APELIDO: | N.I.F.: |
| **ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:** | | | |

| Notifíquese a: | ) Persoa solicitante | ) Persoa representante |
|---|---|---|
| □ Medios Electrónicos: | Correo Electrónico: | |
| □ Outros Medios: | Nome da Vía: | |
| | Número, Bloque, Andar, Porta: | |
| | Parroquia / Lugar: | |
| | Localidade / Provincia: | |
| | Código Postal / País: | |
| Teléfono/s de contacto: | | |

| **TITULACIÓN QUE ALEGA E XUSTIFICA:** | |
|---|---|
| TITULACIÓN: | DATA DA TITULACIÓN: |
| ALEGA E XUSTIFICA ESTAR EXENTO/A DA REALIZACIÓN DO EXERCICIO SOBRE O COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA:<br><br>) Si ) Non | |

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

2. Que reúne as condicións exixidas para o ingreso á función pública e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude se fóra necesario.

**PROTECCIÓN DE DATOS:** Esta entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas. Responsable: Concello de Sarria

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE:**

**LUGAR E DATA:**

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SARRIA

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

Sarria, 19 de maio de 2022.- O alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 1306

## XERMADE

*Anuncio*

**Aprobación definitiva dos expedientes de modificación de créditos núm. 2022/SC/01 e 2022/CE/01.**

Tendo sido definitivamentes aprobados polo Pleno deste Concello os expedientes de suplemento de crédito 2022/SC/01, por importe de 455.251,53 euros, e de crédito extraordinario 2022/CE/01 por importe de 68.000,00 euros, por sendos acordos adoptados en sesión celebrada o 7 de abril de 2022, e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ao público sen que se presentaran alegacións, en cumprimento do disposto no artígo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase o resumo de dito orzamento a nivel de capítulos, unha vez efectuadas as oportunas modificacións, quedando como se detalla:

ESTADO DE GASTOS

| CAPÍTULO | DENOMINACIÓN | CONSIGNACIÓN ANTERIOR | CONSIGNACIÓN DEFINITIVA |
|---|---|---|---|
| A) OPERACIÓNS CORRENTES | | | |
| 1 | Gastos de persoal | 500.654,54 | 500.654,54 |
| 2 | Gastos en bens correntes e servicios | 1.303.262,56 | 1.332.250,80 |
| 3 | Gastos financieros | 1.000,00 | 1.000,00 |
| 4 | Transferencias correntes | 62.045,33 | 62.045,33 |
| B) OPERACIÓNS DE CAPITAL | | | |
| 6 | Investimentos reais | 346.262,69 | 840.525,98 |
| 7 | Transferencias de capital | 51.600,00 | 51.600,00 |
| TOTAL GASTOS | | 2.264.825,12 | 2.788.076,65 |

Xermade, 19 de maio de 2022.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1307

## MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

### CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL O.A COMISARÍA DE AUGAS

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES Y OBRAS EN ZONA DE POLICÍA**

**EXPEDIENTES: V/27/00064K, A/27/36157**

PETICIONARIO: Ayuntamiento de Folgoso do Courel

DENOMINACIÓN: Núcleo de Carballal

LOCALIDAD: Carballal Vilamor (San Vicente)

TÉRM. MUNICIPAL: Folgoso do Courel

PROVINCIA: Lugo

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)

RÍO/CUENCA: Carrozo do Pozo/Mazo Do*

Las obras cuya autorización se solicita consistirán en autorización para la ejecución de la red de saneamiento en el núcleo rural de Carballal, en la margen izquierda del Carrozo do Pozo, en el T.M. de Folgoso do Courel (Lugo).

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Núcleo de Carballal" – "Ayuntamiento de Folgoso do Courel", con un volumen máximo anual de 945,00 $m^3$.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Arqueta de desbaste.
- Fosa-filtro biológico.
- Arqueta de toma de muestras.
- Dos pozos filtrantes.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 18 de mayo de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 1308

Anuncio publicado en: Num BOP 119 año 2022 (26/05/2022 08:00:00)